

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos para o día 15 de xullo de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos., debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Por motivo do cambio de data do Pleno deste mes de xullo ao ser o último venres de mes festivo, trasládase a dita comisión para o martes, 15 de xullo de 2025, ás 16.50 horas.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión **ordinaria**, para o **día 15 de xullo de 2025**, ás 16:50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/38T/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xuño de 2025.

2. 2025/17335N PRESIDENCIA

Modificación das tarifas resultantes da liquidación dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz” e noutras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación de Ourense.

3. 2025/17479H PRESIDENCIA

Autorización a dona María del Pilar Suárez Leal de compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada.

4. 2025/17270Q PRESIDENCIA

Aprobación da programación da Escola Provincial de Artes e Oficios para o curso académico 2025-2026.

5. 2025/17215F PRESIDENCIA

Aprobación da programación da Escola Provincial de Gaitas para o curso 2025-2026.

6. 2025/17744F PRESIDENCIA

Programación do curso 2025-2026 e fixación de prezos para as actividades do CCP Xaquín Lorenzo-Escola de Danza.

7. 2025/17745P PRESIDENCIA

Programación do curso 2025-2026 e fixación de prezos para as actividades do Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais.

8. 2025/15269Q PRESIDENCIA

Proposta de modificación dos prezos públicos pola prestación do servizo de eco barcos para rutas turístico-fluviais nos encoros de Castrelo de Miño, Frieira e As Conchas (Ourense).

9. 2025/17831W PRESIDENCIA

Aprobación do expediente número 7/2025 de modificación do Anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense.

10. 2025/16967N PRESIDENCIA

Aprobación do Regulamento regulador do sistema de carreira administrativa horizontal para os/as empregados/as públicos/as provinciais da Deputación Provincial de Ourense.

11. MOCIÓN DE URXENCIA.

12. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

